



## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A SUSCRIPCIÓN DUN CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DUN CENTRO DO SERVIZO LICITACIÓNS INTERNACIONAIS

### Primeiro.- Antecedentes

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia e constitúe o instrumento básico da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do tecido produtivo galego, con especial énfase no apoio á internacionalización das empresas. Neste marco, a Estratexia para a internacionalización das empresas galegas 2021–2025 incluíu, dentro da súa liña de actuación 1, o desenvolvemento de servizos de información facilitadora para os procesos de internacionalización, entre os que se previu de maneira expresa a posta en marcha dun sistema especializado de identificación de licitacións internacionais.

En resposta a esta necesidade estratéxica, e en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), naceu no ano 2022 o Servizo de Alertas e Licitacións Internacionais (SALT), configurado como un instrumento pioneiro de apoio ás empresas galegas no acceso ao mercado multilateral e a outras oportunidades de contratación pública internacional. O servizo combinou desde o inicio a detección temperá de licitacións e proxectos en programación co asesoramento técnico especializado, a formación e o acompañamento na preparación de ofertas, situándose como unha extensión operativa das políticas de internacionalización da Xunta de Galicia.

Ao longo do período 2022–2025, o SALT consolidouse como unha ferramenta efectiva para incrementar a presenza das empresas galegas en procedementos de contratación internacional. Durante esta primeira etapa realizáronse máis de 1.450 alertas enviadas, máis de 700 accións de difusión, superáronse as 140 empresas participantes en actividades formativas e máis de 150 empresas e autónomos solicitaron asesoramento especializado, contribuíndo así á presentación de múltiples propostas e ao fortalecemento das capacidades técnicas das pemes galegas no ámbito multilateral. Estes resultados puxeron de manifesto tanto a utilidade práctica do servizo como a súa capacidade para xerar unha cultura de participación en licitacións internacionais no tecido produtivo galego.

A colaboración estable entre o Igape e a CEG ten permitido, ademais, integrar o SALT nun ecosistema máis amplo de instrumentos de apoio á internacionalización e desenvolver sinerxías con outras iniciativas financiadas con fondos autonómicos e europeos. A CEG, como organización empresarial máis representativa de Galicia, achegou a súa capilaridade territorial, o acceso directo ás empresas e a experiencia acumulada na xestión de programas de internacionalización e servizos de apoio ás pemes, reforzando a eficacia do servizo e contribuíndo a unha maior penetración das licitacións multilaterais no tecido empresarial.



No contexto desta traxectoria, o convenio específico para o ano 2026 propónse como continuidade natural do traballo desenvolvido desde 2022, co obxectivo de consolidar e perfeccionar o modelo existente. Trátase de asegurar que a experiencia acumulada, os procedementos implantados e a base empresarial xa sensibilizada non sufran interrupcións, permitindo dar un novo impulso á participación das empresas galegas en licitacións internacionais, cun enfoque máis avanzado na detección anticipada de oportunidades, na creación de consorcios e na coordinación institucional coas antenas do Igape e cos organismos multilaterais de referencia.

### **Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos polo convenio**

A necesidade deste convenio deriva da importancia estratéxica que presenta para Galicia o mantemento dun servizo especializado que permita ás empresas acceder a información estruturada, actualizada e de alto valor engadido sobre licitacións internacionais, así como contar cun apoio técnico profesionalizado que as axude a preparar e presentar ofertas competitivas no mercado multilateral. Trátase dun ámbito altamente complexo, con procedementos regulados, prazos estritos, requisitos técnicos esixentes e forte concorrncia internacional, polo que resulta imprescindible dotar ás pemes galegas dun instrumento estable e accesible que reduza as barreiras de entrada e lles permita competir en igualdade de condicións.

A experiencia acumulada entre 2022 e 2025 demostrou que un servizo como o SALT non só é necesario, senón que cobre un baleiro estrutural no ecosistema de apoio á internacionalización. A maioría das pemes galegas carecen da capacidade técnica e dos recursos internos necesarios para monitorizar de forma sistemática as licitacións multilaterais, interpretar documentación complexa, analizar especificacións técnicas ou identificar socios estratéxicos. O SALT suplir estas carencias mediante un acompañamento especializado que facilita o acceso a novas oportunidades de negocio e contribúe á diversificación dos mercados exteriores das empresas galegas.

A oportunidade deste convenio vén determinada tamén polo contexto internacional. As institucións financeiras multilaterais –Banco Mundial, Banco Interamericano de Desenvolvemento, Banco Africano de Desenvolvemento, Unión Europea, Nacións Unidas– mobilizan cada ano miles de millóns de euros en proxectos de cooperación, infraestruturas, innovación, saúde, enerxía, educación ou tecnoloxía. As empresas españolas, e dentro delas as galegas, contan cunha presenza crecente nestes mercados. Galicia posúe sectores competitivos –consultoría, enxeñaría, TIC, educación, enerxías renovables, servizos ambientais, obra civil, saúde– con capacidade para acceder a estes contratos se dispoñen do apoio axeitado. O SALT permite identificar estas oportunidades e preparar ás empresas para competir con garantías.

Ademais, a transición enerxética, a dixitalización e o reforzo das políticas de cooperación ao desenvolvemento dos organismos multilaterais están a xerar novas demandas de servizos e proxectos nos que as empresas galegas poden participar se contan coa información temperá adecuada e co apoio técnico precisado para entender os requisitos e formular propostas sólidas. Este novo escenario require reforzar a



capacidade de anticipación, análise e resposta das empresas, algo que o SALT xa ten demostrado saber ofrecer con eficacia.

Neste contexto, os obxectivos perseguidos polo convenio céntranse en garantir a continuidade do servizo e consolidar o modelo xa implantado. O propósito fundamental é asegurar que o tecido empresarial galego poida seguir accedendo a información contrastada e sectorializada sobre licitacións internacionais, dispoñendo ademais dun asesoramento cualificado que lle permita interpretar adecuadamente as esixencias dos organismos multilaterais e mellorar a competitividade das ofertas presentadas. Ao mesmo tempo, preténdese reforzar a capacidade das empresas para establecer alianzas e consorcios que incrementen as súas posibilidades de éxito, facilitar a súa interacción con organismos internacionais mediante accións de promoción e interlocución institucional e contribuír, en último termo, a fortalecer a presenza exterior das pemes galegas nun mercado altamente competitivo.

En conxunto, este convenio persegue consolidar un instrumento que ten demostrado a súa utilidade e eficacia, garantindo que Galicia continúe avanzando nunha estratexia de internacionalización baseada na diversificación, na profesionalización e nun maior aproveitamento das oportunidades que ofrecen os mercados multilaterais.

### **Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio**

A utilización da figura do convenio xustifícase polas especiais características do obxecto e pola singularidade da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) como entidade empresarial máis representativa de Galicia. A súa ampla capilaridade territorial, a capacidade de interlocución directa co tecido produtivo e a experiencia demostrada na xestión de programas de apoio á internacionalización empresarial sitúana como o axente idóneo para colaborar na execución das actuacións previstas.

As actividades que se van desenvolver —identificación temperá de oportunidades internacionais, asesoramento técnico especializado, apoio á creación de consorcios e acompañamento ás empresas galegas no acceso ao mercado de contratación pública internacional— requiren unha proximidade organizativa, un coñecemento directo do tecido empresarial e un grao de especialización técnica que só pode ser asumido con garantías pola CEG, en virtude da súa natureza e finalidade estatutaria.

En aplicación do disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios constitúen o instrumento adecuado para articular a cooperación entre entidades públicas e organizacións representativas cando existe un interese común e complementario na consecución dun fin público. Neste caso, o convenio non supón a encomenda de xestión dun servizo nin unha prestación substitutoria por parte da CEG, senón a actuación coordinada de ambas as entidades no marco das súas competencias propias.

En consecuencia, o convenio configúrase como o instrumento xurídico axeitado para garantir a continuidade do servizo SALT e a colaboración estable entre o IGAPE e a CEG, asegurando unha actuación coordinada, eficaz e respectuosa co marco



normativo aplicable, e contribuíndo ao impulso da internacionalización e competitividade das empresas galegas.

#### **Cuarto.- Obxecto e contido**

O obxecto deste convenio é asegurar a continuidade e o reforzo do Servizo de Alertas e Licitacións Internacionais (SALT) durante o ano 2026, mediante a realización dun conxunto de actuacións orientadas a facilitar o acceso das empresas galegas ao mercado multilateral e a outras oportunidades de contratación pública internacional. As accións previstas aliñanse co Plan de Acción do servizo e estrutúranse en catro liñas complementarias que, en conxunto, configuran unha intervención integral e coherente coas necesidades do tecido empresarial galego.

A primeira liña está centrada na **promoción das licitacións multilaterais no tecido empresarial galego**, mediante accións de difusión destinadas a incrementar o coñecemento sobre o funcionamento deste mercado e a sensibilizar ás pemes sobre as oportunidades que ofrece. Ao longo do ano, está previsto desenvolver accións informativas, presentacións sectoriais e actividades de divulgación, tanto de carácter presencial como a través de canles dixitais, en colaboración con asociacións empresariais, clusters, cámaras de comercio e outras entidades de apoio á internacionalización. O obxectivo é incorporar novas empresas ao servizo, favorecer unha maior penetración do SALT no territorio e identificar sectores con potencial para participar con éxito en licitacións internacionais.

A segunda liña comprende a **identificación de oportunidades de negocio e o asesoramento técnico especializado**, que constitúen o núcleo operativo do servizo. Esta actuación abrangue a monitorización continua das plataformas de contratación de organismos multilaterais e outras entidades internacionais, a análise das licitacións detectadas, a súa clasificación sectorial e o envío sistemático de alertas personalizadas ás empresas rexistradas. Así mesmo, inclúe o asesoramento individualizado nas fases de revisión de requisitos, análise de termos de referencia, orientación na preparación de candidaturas, apoio na busca de expertos e socios e resolución de consultas técnicas. Este acompañamento permite incrementar a competitividade das empresas e mellorar a calidade das propostas que presentan.

A terceira liña de actuación está orientada ao **fortalecemento da figura dos consorcios**, un elemento clave para que as pemes galegas poidan acceder a proxectos de maior dimensión ou que requiren capacidades complementarias. Para este fin, prevese impulsar a colaboración entre empresas galegas e potenciais socios internacionais, facilitar contactos estratéxicos, apoiar a conformación de alianzas e reforzar o uso do espazo web "Conorcios", concebido como un punto de encontro empresarial. Esta liña pretende consolidar o ecosistema colaborativo iniciado en anos anteriores e favorecer a participación conxunta en proxectos internacionais de maior envergadura.

Finalmente, completárase o programa co **desenvolvemento dun plan de promoción institucional IGAPE-CEG e o fortalecemento dos vínculos con organismos multilaterais**, mediante accións de interlocución, colaboración e visibilidade orientadas



a posicionar ás empresas galegas ante os principais axentes financiadores internacionais. Entre estas actividades inclúese a coordinación coas antenas do IGAPE no exterior, a participación en iniciativas conxuntas co Grupo de Multilaterais de ICEX e outras accións que permitan acceder a información estratéxica, fomentar a participación en eventos especializados e facilitar o contacto directo entre empresas galegas e responsables de contratación das institucións internacionais.

O conxunto destas actuacións configura unha intervención integral que combina sensibilización, información anticipada, asesoramento técnico, cooperación empresarial e promoción institucional, garantindo que o servizo SALT continúe sendo unha ferramenta útil, eficaz e adaptada ás necesidades de internacionalización das pemes galegas ao longo do ano 2026.

### Quinto.- Financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a oitenta e oito mil oitocentos euros (88.800,00 €) que se distribúen do seguinte xeito:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO 2026
Oficina de xestión do centro	79.000,00 €
Centro de seguimento de licitacións internacionais	1.000,00 €
<b>Subtotal IGAPE</b>	<b>80.000,00 €</b>
Persoal de apoio administrativo e personal propio da CEG dedicado ao proxecto	8.800,00 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>88.800,00 €</b>

Deste orzamento, o IGAPE financiará a contía oitenta mil euros (80.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2026.

A CEG contribuirá cunha achega de oito mil oitocentos euros (8.800,00€) cos que cofinanciará os gastos de persoal asociados ao desenvolvemento e xestión das accións do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se leven a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros.

Este convenio respectará o disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.



### **Gastos atendibles**

Consideraranse gastos atendibles aqueles que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividades e fins do convenio e que se realicen a partir da data de sinatura e ata o 30 de novembro de 2026.

De acordo co disposto no convenio, terán carácter atendible os seguintes tipos de gasto:

- Gastos de contratación: custos salariais (incluídas cotas da seguridade social) das persoas contratadas ad-hoc para o centro de seguimento de licitacións internacionais.
- Gastos do persoal propio da CEG asignado ao obxecto do convenio.
- Gastos de dotación: materiais inventariados e funxibles adquiridos para as actividades recollidas no convenio.
- Gastos de contratación de servizos externos para o cumprimento dos obxectivos do convenio.
- Gastos específicos para o desenvolvemento dunha campaña informativa e de comunicación.
- Desprazamentos: desprazamentos mediante transporte público ou coche propio, en cuxo caso será necesaria a certificación do secretario xeral da CEG.
- Gastos de organización e restauración:
  - o Contratación de relatores
  - o Aluguer de espazos e medios audiovisuais para a realización de eventos
  - o Contratación xeral de medios para a realización dos eventos
  - o Programas, folletos e material para os asistentes ao evento
  - o Cátering para eventos

O listado non ten carácter exhaustivo.

Poderán imputarse outros gastos que, sen estar expresamente recollidos nos apartados anteriores, respondan de maneira indubidable á execución das actividades do convenio. Estes gastos deberán ser autorizados previamente pola Comisión de Seguimento.

Cómpre salientar que o peso principal do orzamento concéntrase nos custos de persoal, coherente coa natureza intensiva en coñecemento do servizo SALT, cuxas actuacións requiren dedicación técnica especializada e seguimento continuado.

### **Sétimo.- Evolución con respecto aos convenios anteriores**

A evolución do Servizo de Alertas e Licitacións Internacionais (SALT) desde a súa creación en 2022 amosa un proceso continuo de consolidación, ampliación funcional e profesionalización, que fundamenta a necesidade de asegurar a continuidade deste instrumento mediante o convenio correspondente ao ano 2026.

O primeiro convenio, asinado en abril de 2022 centrouse na posta en marcha do Centro de Seguimento de Licitacións Internacionais, configurando por vez primeira unha estrutura estable dedicada á identificación sistemática de concursos



internacionais, ao asesoramento básico e á creación dun portal que permitise ás empresas acceder a información cualitativa das licitacións. Nesta fase inicial, as actuacións concentráronse na construción dos fundamentos operativos do servizo: deseño e habilitación da plataforma, definición dos procedementos internos, creación do equipo técnico, posta en marcha das canles de difusión e primeiras actividades de divulgación.

Durante os anos 2022 e 2023, o desenvolvemento efectivo das actuacións impulsou unha ampliación progresiva das tarefas asumidas polo servizo, o que motivou diversas adaptacións operativas e temporais, incluídas as addendas aprobadas no período 2022–2023. A actividade incrementouse de maneira notable tanto no volume de alertas remitidas ás empresas como no número de consultas técnicas atendidas, evidenciando a necesidade de fortalecer as capacidades do equipo, mellorar a sistematización dos procesos e ampliar o alcance sectorial do servizo.

O convenio 2024–2025 deu un paso máis cara á consolidación plena do SALT como instrumento estrutural integrado no ecosistema de internacionalización do IGAPE. Incorporáronse novos elementos organizativos –como a oficina de xestión e unha estrutura máis ampla de apoio técnico–, reforzáronse os servizos de asesoramento empresarial e incorporáronse actividades de formación especificamente orientadas á preparación de ofertas e ao fortalecemento das capacidades das pemes. Este período caracterizouse tamén pola profesionalización do seguimento das licitacións, a mellora da calidade da información proporcionada, a expansión das actividades de sensibilización e a creación de espazos de colaboración entre empresas mediante actuacións específicas de networking e contactos internacionais.

En termos globais, comparando a situación actual co momento de implantación inicial do servizo, o SALT evolucionou desde un proxecto eminentemente tecnolóxico e informativo ata un instrumento integrado de apoio avanzado á internacionalización. A experiencia acumulada permitiu perfeccionar os mecanismos de identificación de oportunidades, mellorar a precisión das análises, establecer relacións máis fluídas cos organismos multilaterais e incrementar a capacidade das empresas para formular propostas competitivas.

O convenio correspondente ao exercicio 2026 supón, por tanto, unha evolución natural e necesaria: introduce un plan de acción centrado na consolidación das catro liñas estratéxicas operativas (promoción, identificación e asesoramento, fortalecemento de consorcios e promoción institucional), incorpora procesos máis maduros de coordinación coas antenas do IGAPE e co ICEX, e reforza os mecanismos de colaboración público-privada que demostraron a súa eficacia nos convenios anteriores. Nesta nova fase, o servizo transita desde unha orientación fundamentalmente informativa cara a unha dimensión máis estratéxica, centrada en anticipar oportunidades, mellorar a competitividade técnica das empresas e incrementar a súa presenza nos mercados multilaterais.

En síntese, o SALT 2026 consolida os avances acadados desde 2022, reforza as capacidades técnicas e organizativas adquiridas e responde á demanda crecente das empresas galegas de contar cun acompañamento especializado e permanente para



acceder con éxito ás licitacións internacionais. O convenio non representa unha ruptura respecto aos anteriores, senón unha continuidade mellorada, sustentada na aprendizaxe acumulada e orientada á obtención de resultados máis sólidos e medibles.

#### Cadro comparado da evolución

ASPECTO	2022 – CONVENIO INICIAL	2023 – ADDENDA E DESENVOLVEMENTO	2024–2025 – CONVENIO DE CONSOLIDACIÓN	2026 – NOVO PLAN DE ACCIÓN
Enfoque xeral	Creación do Centro. Primeiros pasos operativos.	Reforzo operativo, aumento de alertas e consultas.	Servizo plenamente operativo, metodoloxías maduras.	Consolidación, enfoque anticipado e catro liñas estratéxicas.
Estrutura organizativa	Portal básico + estrutura inicial mínima.	Axustes organizativos e maior actividade.	Oficina de xestión + equipo ampliado.	Estrutura optimizada e maior coordinación CEG–IGAPE.
Equipo técnico	1 coordinador + 2 técnicos.	Mantemento con maior carga operativa.	Equipo reforzado e máis especializado.	Equipo orientado a análise anticipada e consorcios.
Funcionalidades do servizo	Localización e publicación de licitacións.	Sectorialización e maior precisión.	Asesoramento avanzado, formación e espazo 'Conorcios'.	Segmentación mellorada, apoio estratéxico e novas ferramentas.
Alcance empresarial	Primeiras empresas rexistradas.	Aumento notable de empresas asesoradas.	Ampla penetración en sectores con potencial.	Ampliación da base de empresas e novos sectores.
Asesoramento	Apoio básico inicial.	Incremento da profundidade técnica.	Asesoramento técnico avanzado.	Acompañamento especializado en propostas e análise técnica.
Conorcios	Non previsto.	Primeiros contactos.	Creación do espazo web 'Conorcios'.	Reforzo sistemático: busca de socios e alianzas.
Promoción e difusión	Evento inicial e primeiras accións básicas.	Ampliación da divulgación sectorial.	Formación, xornadas e visibilidade SALT.	Promoción institucional IGAPE–CEG e presenza internacional.
Relación cos organismos multilaterais	Seguimento inicial a través das plataformas.	Mellora no acceso e precisión informativa.	Colaboración con antenas IGAPE e ICEX.	Fortalecemento institucional e acceso a info estratéxica.



Principais novidades	Puesta en marcha e infraestrutura básica.	Adaptación operativa e extensión de prazos.	Profesionalización e ampliación do servizo.	Enfoque anticipado, consorcios e coordinación reforzada.
----------------------	---	---	---	--

### Oitavo.- Xustificación e pagamento

O prazo de presentación da solicitude de cobramento no Igape comezará o día seguinte á finalización das accións indicadas na cláusula primeira e rematará o 30 de novembro de 2026.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A CEG quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

O financiamento do IGAPE realizarase a medida que se xustifiquen os gastos realizados pola CEG sobre os gastos sostidos, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización de cada período, excepto o último trimestre, cuxa xustificación poderá presentarse, como máximo, ata o 30 de novembro de 2026.

A liquidación final quedará pendente da xustificación final do Convenio.

A presentación se fará de forma telemática na sede virtual do IGAPE na páxina <https://tramita.igape.es>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando copias dixitalizadas da documentación que a continuación se relaciona:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, indicando as actividades desenvolvidas, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas acompañadas, cando a natureza do gasto así o requira, de fotografías, lista de sinatura de asistentes ou outras evidencias similares.
2. Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterá:
  - a) Certificación expedida pola CEG do total dos gastos realizados no período imputable ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pagamento.
  - b) Xustificación dos gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada de gastos.



- c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se aceptarán pagamentos en efectivo.
  - d) Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos, públicos ou privados, obtidos para financiar as actividades, que non poderán superar o 100% do seu custo total.
  - e) Cando na contratación de servizos o importe sexa igual ou superior a 15.000 € máis IVE requiriranse tres ofertas de distintos provedores, con carácter previo á contratación do servizo, e xustificarse a selección do provedor se non é o máis económico.
  - f) Custos salariais (incluídos SS) das persoas contratadas *ad hoc* e do persoal propio asignado, nóminas mensuais, documento de pagamento, entrada de cotas sociais e ingresos, se é o caso, das retencións do IRPF que resulten de solicitude.
  - g) Desprazamentos por medio de transporte público ou vehículo propio: certificación do secretario xeral da CEG dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto, o seu pagamento pola CEG aos técnicos correspondentes, xuntando os tickets ou recibos de transporte público ou as follas de liquidación por desprazamento en vehículo propio.
3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas nas que se acredite que a CEG está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública autonómica ou autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios.
  4. Declaración expresa da CEG de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están relacionadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada á CEG non implica vinculación algunha).
  5. No caso de estar exento de IVE, documentación xustificativa da exención.
  6. Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian realizar os pagamentos.
  7. Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Procederá a redución do financiamento concedido cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas non acaden os importes dos gastos xustificables, ou o financiamento adicional obtido, se é o caso, sumado ás axudas do IGAPE supere os custos



acreditados, e sempre que esta redución non implique o incumprimento dos obxectivos do programa.

A CEG manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, como Intervención Xeral, Tribunal de Contas, Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, todos os documentos xustificativos dos gastos e ingresos obtidos para a súa comprobación *in situ*, ben por medios propios ou por medio dun auditor externo.

O director da Área de Internacionalización

Augusto Álvarez-Borrás Massó

[Redacted]

[Redacted]



**ANEXO I**  
**MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E**  
**TIPOLOXÍA DE GASTO**

	<b>Tipoloxía gasto</b>	<b>2026</b>
Centro de seguimento de licitacións internacionais	SERVIZOS	1.000 €
Oficina de xestión do centro	SERVIZOS	8.800 €
	PERSOAL	79.000 €
<b>TOTAL</b>		<b>88.800 €</b>

<b>Tipoloxía Actuación</b>	<b>Tipoloxía de gasto/gastos atendibles</b>	<b>2026</b>
Convenio IGAPE- CEG	Gastos de persoal	80.000,00 €
	Subministracións e servizos	8.800 €
	<b>TOTAL</b>	<b>88.800,00 €</b>



ANEXO II  
MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/gastos atendibles	Importe actual	Importe anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación (Variación de custos/novas necesidades)
Convenio IGAPE- CEG	PERSOAL CEG	79.000 €	198.000€	100%	119.500 €	60,06%	<p>O convenio pasa de dúas anualidades (2024–2025) a unha soa (2026), o que explica a diminución proporcional dos recursos humanos.</p> <p>A optimización dos procedementos internos permite manter a mesma funcionalidade cunha redución do custo.</p>



#### ANEXO IV: MODELO CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actuación	Indicadores	Fito
Plan Estratéxico de Galicia	FONDOS PROPIOS	Eixe 3: competitividade e crecemento. Crecemento e competitividade das pemes, transición industrial e emprendemento PA 3.3 Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento. OE 3.3.3 Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEMES:	Nº de empresas que reciben información e asesoramento personalizado	60
			Nº de novas empresas que reciben información	25
			Nº de propostas presentadas	10
			Nº de consorcios apoiados	5